



# *Espazo de emprendemento*



## *Memoria 2015*

**25-26 SETEMBRO**

**PONTEVEDRA**

*Aos emprendedores, aos que van a emprender, aos patrocinadores, aos colaboradores, á Universidade de Vigo, á Vicerreitoría, aos centros, profesorado, persoal e alumnado do Campus de Pontevedra, ás empresas proveedoras e os visitantes...*

**MOITAS GRAZAS POR FACER REALIDADE O NOSO SONO**

**-O COMITÉ ORGANIZADOR**

## **25 ORGANIZACIÓNS COOPERANDO EN ACTIVO**

*Xornadas do  
emprendemento*

**22-25 SETEMBRO**

**16 OBRADOIROS**

**60 EXPERTOS**

**400 ASISTENTES**

*Espazo para  
emprendedores*

**25-26 SETEMBRO**

**125 SOLICITUDES**

**44 EMPRESAS PARTICIPANTES**

**20.000 VISITANTES**

## *ÍNDICE*

- 1. O Pont Up Store, unha iniciativa emprendedora*
- 2. Cooperación, innovación permanente e resultados*
- 3. Pont Up Store 2015 Un espazo de emprendemento*
- 4. Formación, aprendizaxe e impulso do emprendemento*
- 5. Unha identidade propia*
- 6. A satisfacción dos participantes*
- 7. Unha Organización Emprendedora e Creativa*

*Patrocinadores e colaboradores*

# 1. O Pont Up Store, unha iniciativa emprendedora

O **PONT-UP STORE** é unha iniciativa de apoio a **NOVOS EMPREENDEDORES**, aberta a toda a cidadanía e que centra os seus esforzos no incremento da **CULTURA EMPREENDEDORA** na sociedade dirixido a novos emprendementos con menos de 3,5 anos (42 meses) dende a creación da empresa.

No marco da celebración do 25 aniversario da Universidade de Vigo e o impulso do Campus Crea este encontro é unha decidida aposta pola creatividade e o emprendemento para o desenvolvemento persoal e da sociedade en xeral.

Tralo éxito desta edición, o **PONT-UP STORE 2015** consolídase como **ESPAZO DE REFERENCIA DO NOVO EMPRENDEMENTO EN GALICIA**.

O **PONT-UP STORE** é **unha experiencia única e transformadora** na que se dan cita centos de persoas en torno á **creatividade**, o **emprendemento**, e a **innovación**, podendo escoller entre **3 MODALIDADES** de participación:

## • 1. DISPOÑER DUN STAND DE XEITO GRATUÍTO

durante os dous días para dar a coñecer o teu proxecto.

## • 2. PROPOÑER AS TÚAS PROPIAS ACTIVIDADES

que se inclúen dentro do programa do evento.

## • 3. PARTICIPAR NO APARTADO "10 MINUTOS DE GLORIA"

presentando o teu proxecto en formato 'presentación flash: 10 minutos + 10 imaxes'.

Ademais púdose participar nun extenso programa de charlas, mesas redondas, obradoiros, networkings e demostracións, con poñentes de primeiro nivel no ámbito galego que compartiron as súas experiencias, o seu coñecemento e o seu tempo cos participantes. Un encontro onde o emprendedor foi o protagonista.

**PONT-UP STORE** é o único evento galego onde se reúnen emprendedores, profesionais, estudantes, inversores, institucións, empresas, patrocinadores e medios de comunicación, para apoiar a innovación, a colaboración, a formación, o financiamento e o emprendemento creativo.

## Obxectivos

### **FACILITARLLES** aos novos

emprendedores un espazo para visibilizar e promover a súa marca, os seus proxectos empresariais e a busca de financiación externa.

### **POSIBILITAR** que novos

emprendedores presenten, testen e vendan os seus produtos ou servizos actuais ou contrasten ideas de mellora.

### **PROPORCIONAR** aos novos

emprendedores un espazo de relación e intercambio de experiencias con diferentes axentes do ecosistema emprendedor.

### **ANIMAR** a futuros emprendedores a

concretar a súa idea de negocio a través e coñecemento de proxectos e experiencias dos propios emprendedores.

### **PROMOVER** a cultura do

emprendemento con novos formatos e espazos de integración entre os emprendedores e a sociedade.

### **DINAMIZAR** a cultura e a economía

local, proporcionando aos visitantes unha experiencia de ocio e aprendizaxe, nun espazo urbano de referencia internacional



## 2. Cooperación, innovación permanente e resultados

O **PONT-UP STORE 2014** foi un espazo de emprendedores, que na súa primeira edición e conxuntamente coas Xornadas Técnicas e as Xornadas Científicas, conformaron a IV Conferencia Ibérica de Emprendemento (CIEM2014, Pontevedra 23 a 26 de Outubro de 2014).

Esta iniciativa, froito da colaboración entre Universidades, Institucións e emprendedores, estivo dirixida especialmente a novas iniciativas.

O impacto desta experiencia foi considerable, cunha forte repercusión en tódolos ámbitos, e a manifestación unánime de promover a organización dunha 2ª edición en 2015, na que PONT-UP STORE adquire entidade propia e consolídase como un necesario encontro para a creatividade e o emprendemento.

O día 25 de setembro, procedeuse o acto de inauguración do **PONT-UP STORE 2015** mostra da **COOPERACIÓN EN ACTIVO** de máis de **25 ORGANIZACIÓNS** colaborando e traballando en conxunto. Destacar as palabras de benvida aos participantes de Luis Taboada (CEO de Qubitia) cheas de ánimo e realismo.

Nesta edición de **PONT-UP STORE 2015** fomos quen, a pesares duns recursos limitados, de introducir importantes innovacións, engadindo, ademais da posibilidade de solicitar Stands, a opción de presentar propostas de actividades de dinamización e de participar no espazo de promoción que demos en chamar 10 minutos de gloria, co obxectivo de ofrecer oportunidades ao maior número de emprendedores posible. Temos que dicir que pouco máis dun mes dende o lanzamento do prazo das candidaturas (30 de xullo ao 9 de setembro) as solicitudes superaron amplamente as expectativas que o Comité de Organización se marcara: **125 SOLICITUDES PROCEDENTES DE TODA GALICIA** (80 stands, 30 actividades de dinamización e 35 solicitudes para os 10' de gloria) que nos levou a un intenso labor de selección.

O resultado final foron as **44 EMPRESAS PARTICIPANTES: 36 EMPRESAS** presentes nos **STANDS, 6** das cales realizaron un atractivo **PANEL DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN**, e **8 EMPRENDEDORES** que tiveron a súa presenza no espazo **10 MINUTOS DE GLORIA**.

Ademais hai que destacar a acollida das **XORNADAS DO EMPRENDEMENTO** previas destinadas a emprendedores potenciais ou en fase inicial, que acadaron un importante impacto non só nos emprendedores senón tamén na sociedade en xeral (**16 OBRADOIROS E MESAS REDONDAS, 60 EXPERTOS E EMPRENDEDORES, E MAIS DE 400 PARTICIPANTES**).

Xunto a estas innovacións hai que sumar que nesta edición contouse por primeira vez cunha páxina web <http://pontupstore.com>, presenza nas principais redes sociais (consequindo un relevante impacto neste primeiro ano, coma por exemplo en Facebook con 263.141 impresións con máis de 40.000 persoas alcanzadas e preto de 1.000 seguidores) e un gabinete de prensa cunha estratexia mediática moi atenta a convocar o interese dos medios, cun alcance ambicioso, que nesta edición alcanzou unha cobertura autonómica.




### 3. Pont Up Store 2015 Un espazo de emprendemento

Despois de dous días de intensa actividade, o Encontro de Emprendemento Pont-Up Store 2015 conseguiu dobrar a afluencia de visitantes da pasada edición. A organización estima que máis de **20.000** persoas visitaron os 36 stands participando nas visitas e obradoiros de dinamización, e no espazo de promoción '10 minutos de gloria'. O Comité Organizador do Pont-Up Store considera que o encontro foi "un éxito rotundo" e que se conseguiu "achegar o espírito emprendedor á cidadanía, que despois desta experiencia afiánzase no camiño de converterse en referencia en materia de innovación e de situar a Pontevedra como a capital do emprendemento en Galicia". Comité Organizador sinte que o encontro deste ano deixase fora o 70% das candidaturas presentadas por falta de espazo e recursos e convidou ás institucións e ás entidades que participaron nesta edición a apostar polo **PONT-UP STORE** como o principal escaparate de emprendemento galego e asumir o reto de apoiar e dotar de máis recursos á próxima edición.

#### Stands de emprendedores

Recinto do Pont Up Store  
**PRAZA DE ESPAÑA**



#### LISTADO DE EMPRESAS PARTICIPANTES

##### 1 Información e Organización

##### 2 VIA VIGO ZONA FRANCA DE VIGO

**FIABLONE**  
Agro alimentario  
[www.calabizo.com](http://www.calabizo.com)  
**Monet Viticultura**  
Software para xestión de viñedos  
[www.monetviticultura.com](http://www.monetviticultura.com)

##### 3 LAGAR DE RIBELA, S.L.

Bebidas. Sidra ecolóxica  
[www.ribela.es](http://www.ribela.es)

##### 4 Geométrica Control Métrico, S.L.

Inxeniería xeométrica  
[www.geometrica.es](http://www.geometrica.es)

##### 5 Resetea Gestion Responsable, S.L.

Xestión creativa de residuos  
[www.resetea.es](http://www.resetea.es)

##### 6 Birreina Galaica, S.L.

Cervexa Artesá  
[www.faxilda.com](http://www.faxilda.com)

##### 7 QUERQUS COSMÉTICA NATURAL

Comercio online  
[www.querquscosmetica.com](http://www.querquscosmetica.com)

##### 8 Verdasco Taracido Sports Management, S.L.

Educación

##### 9 3 Pastas Delicatessen, S.L.

Obrador de Pastelería

##### 10 Cámara de Comercio de Pontevedra

Aprendeafinanciararte.com

##### 11 Libolis

Innovación educativa  
[www.libolis.com](http://www.libolis.com)

##### 12 Tartas Mj-Má

Repostería  
[www.mj-ma.es](http://www.mj-ma.es)

##### 13 Peter's Room

Evento Cultural & Social  
[www.petersroom.es](http://www.petersroom.es)

##### 14 Robotilab

Tecnoloxías educativas  
[www.robotilab.com](http://www.robotilab.com)

##### 15 Educadores Albatros, S.C.

Educación Familiar  
[www.educadoresalbatros.com](http://www.educadoresalbatros.com)

##### 16 FotoNgrab

Comercio  
[www.fotongrab.com](http://www.fotongrab.com)

##### 17 Profocus

Servicios fotográficos para eCommerce  
[www.profocus.es](http://www.profocus.es)

##### 18 Mona Gerarda

Téxtil  
[www.monagerarda.com](http://www.monagerarda.com)

##### 19 Enertria, S.L. (Sinalyzer)

Consultoría de Negocio  
[www.sinalyzer.com](http://www.sinalyzer.com)

##### 20 ALVAMAR NÁUTICA

Turismo náutico  
[www.alvamarnautica.com](http://www.alvamarnautica.com)

##### 21 CORPORAL TRAIN

Actividade física e deporte por a saúde, ocio e recreación

##### 22 Felicítame.es

Regalos orixinais  
[www.felicítame.es](http://www.felicítame.es)

##### 23 La Platanera

Arte e proxectos culturais  
[www.laplatanera.com](http://www.laplatanera.com)

##### 24 EVERNIGHT

Social Media  
[www.evernightapp.com](http://www.evernightapp.com)

##### 25 NeuKos Robotics, S.L.

Robótica  
[shop.neukos.com](http://shop.neukos.com)

##### 26 Atelier de Yaiza, Wedding Planner & Designer

Organización de Eventos (Vodas)  
[www.atelierdeyaiza.com](http://www.atelierdeyaiza.com)

##### 27 7H Cooperativa Cultural

Cooperativa Cultural  
[www.7hcoop.es](http://www.7hcoop.es)

##### 28 Hojadelimón

Xabóns artesanais e complementos cerámicos  
[www.hojadelimon.es](http://www.hojadelimon.es)

##### 29 Veigas de Sabugueiro, S.L.

Alimentación

##### 30 NUTRE EN BIO, S.C.G.

Agricultura ecolóxica

##### 31 Quérome

Moda

##### 32 Toma&go

Consumo colaborativo (loxística)  
[www.tomandgo.com](http://www.tomandgo.com)

##### 33 Hume Ingeniería

Servicios de solución de humidades  
[www.humeingenieria.es](http://www.humeingenieria.es)

##### 34 INGENIERÍA SINCOFA, S.L.

Eficiencia Enerxética - Ingeniería  
[www.sincofa.com](http://www.sincofa.com)

##### 35 CARTABLANCA MARKETING GASTRONÓMICO, S.C.

Marketing gastronómico  
[www.cartablancamg.es](http://www.cartablancamg.es)

##### 36 Evolutia Consulting

Consultoría e desenvolvemento directivo  
[www.evolutiaconsulting.es](http://www.evolutiaconsulting.es)



# Stands









10  
minutos de gloria

VENRES 25 LISTADO DE EMPRESAS PARTICIPANTES

Lugar:  
ZONA NETWORKING

- 12:30H Tysgal consultores  
Consultoría
- 12:45H 3D Thinkr Limited  
Internet e Impresoras 3D
- 13:00H Alicce. Formación para la mejora de las  
relaciones humanas, S.L.  
Formación
- 13:15H GAM Grupo Atlántico de Mediadores.  
Mediación
- 13:30H Kirsche  
Cosmética
- 13:45H Xefe da Birra S.L.  
Elaboración e distribución de cervexa
- 14:00H Davriox Engineering  
Industria
- 14:15H Consultoría Deportiva SET  
Consultoría e asesoría no sector deportivo



## Gran demanda nos obradoiros

Os obradoiros foron un éxito durante toda a xornada con xente agardando mesmo antes de empezar a montar a actividade. Nalgúns casos foi imposible atender toda a demanda.

Comezando polo **Taller con técnicas artesanais para estampar camisetas**, organizado por **Mona Gerarda** para os máis pequenos, ou polo **I primeiro programa de visitas guiadas a MicroBios**, espazo de arte de **7H Cooperativa Cultural**, que constitúe o primeiro proxecto de creación colectiva de 7H. Unha galería de arte e espazo de creación ubicado nunha pequena casa de bonecas totalmente portátil completaron as actividades do **venres 25**.

Durante o **sábado 26**, no **Taller de robótica educativa**, organizado por **NeuKos Robotics**, nenos e nenas de entre 8 e 14 anos participaron na construción dun Robot Cangrexo, un tipo de robot denominado zoomórfico que imita a maneira de camiñar dos cangrexos. A emprendedora de **Líbolis** achegou a innovadora técnica dos bloques de **LEGO** e usounos para aplicar técnicas de resolución creativa de problemas "xogando" cos bloques. Co obxectivo de introducir compoñentes de innovación aberta: Ideas, experiencias, sentimentos, observacións,... desenvolver o traballo en equipo e a comunicación. Xa pola tarde os emprendedores de **Robotilab** volveron achegar aos nenos ao mundo da robótica con **Reciclator**, unha actividade na que cativas e cativos de entre 6 e 12 anos aprenderon a construír os seus propios robots e personaxes utilizando material reciclado, pezas impresas con impresoras 3D e a súa imaxinación. E para finalizar o **Taller andante** de estampación en directo de postais para nenos e nenos grandes, a cargo do cada vez máis popular estudio **La Platanera** que desde a Illa de Arousa está chegando con forza a todos os foros de tendencias.

## Actividades dos emprendedores

Lugar:  
**ZONA MULTIUSOS**

### VENRES 25 TARDE

17:30H

#### Talleres con diferentes técnicas artesanais para estampar camisetas

Dirixida a nenos e nenas

Organiza: **Mona Gerarda**  
Sector: **Textil**

19:00H

#### Primeiro programa de visitas guiadas a MicroBios, espazo de arte.

**Descrición:** MicroBios constitúe o primeiro proxecto de creación colectiva de 7H. Unha galería de arte e espazo de creación ubicado nunha pequena casa de bonecas totalmente portátil.

Organiza: **7H Cooperativa Cultural**  
Sector: **Cultura**

### SÁBADO 26 MAÑÁ

12:15H

#### Taller de robótica educativa.

**Descrición:** Definición e construción dun Robot Cangrexo. Robot zoomórfico que imita a maneira de camiñar dos cangrexos. Destinada a rapaces de entre 8 e 14 anos.

Organiza: **NeuKos Robotics, S.L.**  
Sector: **Robótica**

13:15H

#### Innovando con LEGO.

**Descrición:** Aplicar técnicas de resolución creativa de problemas "xogando" cos bloques. Co obxectivo de introducir compoñentes de innovación aberta: Ideas, experiencias, sentimentos, observacións,... Desenvolver o traballo en equipo e a comunicación.

Organiza: **Líbolis**  
Sector: **Innovación educativa**

### TARDE

17:30H

#### RECICLATOR.

**Descrición:** É unha actividade na que os nenos aprenderán a construír os seus propios robots e personaxes utilizando material reciclado, pezas impresas con impresoras 3D e a súa imaxinación. A idade é entre 6 e 12 anos.

Organiza: **Robotilab**  
Sector: **Tecnoloxías educativas**

19:00H

#### Taller andante.

**Descrición:** Estampación en directo de postais para nenos e nenos grandes

Organiza: **La Platanera**  
Sector: **Arte e proxectos culturais**

11:30-20:00H

#### Aprendeafinanciarte.com

Organiza: **Cámara de Comercio de Pontevedra**  
Belén Forés, Responsable do departamento de marketing e comunicación Aprendeafinanciarte.com

#### Descrición:

- Xestión de altas.
- Difusión e promoción da plataforma.
- Promoción do **II Concurso Emprendedores Aprendeafinanciarte Galicia**.

TODO O DÍA  
STAND 1

12:00-15:00H

#### Aprendeafinanciarte.com

Organiza: **Cámara de Comercio de Pontevedra**  
Belén Forés, Responsable do departamento de marketing e comunicación Aprendeafinanciarte.com

#### Descrición:

- Xestión de altas.
- Difusión e promoción da plataforma.
- Promoción do **II Concurso Emprendedores Aprendeafinanciarte Galicia**.

MAÑÁ  
STAND 1





## ***Acto de clausura e entrega de Premios Pont-Up Store 2015***

Na clausura do encontro, presidido pola concelleira de Promoción da Cidade e o Vicerreitor do Campus de Pontevedra, o comité organizador do Pont-Up Store quixo premiar aos mellores emprendedores de cada sector, valorando non so os proxectos, senón tamén a súa posta en escena dentro dos stands, e a xestión e interacción dos emprendedores co público e cos posibles clientes e inversores.

No sector da alimentación e agricultura ecolóxica o premio recaeu en **Veigas de Sabugueiro SL**, un pequeno obradoiro de posta en valor do sabugueiro, un arbusto moi abundante en Galicia e con ningún aproveitamento gastronómico. Esta empresa elabora a partir do sabugueiro xaleas, marmeladas, licor e cervexa. Ademais son os únicos do estado especializados no sauco.

**Sincofa SL** fíxose co galardón no campo das consultoría e xestión de servizos a empresas, cunha proposta baseada nas enerxías renovables na que garanten o maior aforro co menor investimento. Son a primeira empresa en realizar un Informe de Avaliación de Edificios (IEE) en Pontevedra.

No ámbito do deseño gráfico e a comunicación, **Peter's Room** foi o proxecto mellor valorado grazas ao seu catálogo de creadores emerxentes, na súa maioría galegos, aos que ofrece un escaparate e oportunidades de negocio ás personas que queren facer da creatividade a súa forma de vida.

No Deseño de moda, complementos e decoración, **Mona Gerarda** demostrou ser un dos stands máis visitados grazas ao seu "laboratorio de camisetas creativas", como lles gusta chamar ao seu proxecto onde as camisetas son a base das súas creacións. Orixinalidade, creatividade e procesos nos que o comprador pode intervir personalizando a súa propia camisola-pizarra foron as claves do seu éxito.

No campo da educación, o ocio, a cultura e a saúde, **Alvamar Náutica**, convenceu cun proxecto orientado ao turismo náutico con actividades innovadoras como a da ruta vikinga e as visitas a Cortegada como parte do Parque Nacional illas atlánticas.

E finalmente, no mundo das enxeñerías e as TIC, **Geométrica Control Métrico** destacou moi por riba de todos os proxectos da feira cun software tecnolóxico punteiro e referente na aplicación de enxeñería xeométrica aplicada a moitos sectores profesionais. Traballan con drones que albergan diversos tipos de sensores específicos (RGB, multiespectral e térmico) que aplicamos en campos tan diversos como a dixitalización métrica de elementos patrimoniais: castros, petroglifos, etc., a inspección vexetal (agricultura de precisión) e a inspección de palas de aeroxeneradores. A pesares do pouco tempo que levan funcionando, xa conseguiron acreditarse como operadores aéreos RPAS ante I Axencia Estatal de Seguridade Aérea española.

Así mesmo, o Comité Organizador do Pont Up quixo emitir un recoñecemento aos emprendedores que realizaron actividades de dinamización durante os días 25 e 26 de setembro, premiando así a **Mona Gerarda**, **7H Cooperativa Cultural**, **Neukos Robotics SL**, **Líbolis**, **Robotilab** e **La Platanera**.





## 4. Formación, aprendizaxe e impulso do emprendemento

Vicerreitoría do  
Campus de Pontevedra  
Universidade de Vigo

MARTES **22** MAÑÁ

9.30-13.30 E 17.00-20.00H

**Emprendemento cooperativo no sector creativo: Experiencias no sector dos Audiovisuais.**

**Organiza:** Sinerxia  
Edificio Administrativo da Deputación de Pontevedra. Paseo de Montero Ríos s/n.

**Inscripcións e información:**  
sinerxia@sinerxia.org

**Dirixido:** a calquera persoa interesada na temática, preferentemente alumnado de Publicidade e Audiovisuais, Imaxe e Son e outros ciclos relacionados coa Comunicación

12.00-13.45H

**TI PODES EMPRENDER!**

**Organiza:** Facultade de CC Sociais e da Comunicación  
Campus a Xunqueira S/N,  
Salón de Graos

**Intervencións:**  
ELEFANTES DE CACHARRERÍA (Paula Salgueiro Tilve)  
HUTEDICH' (Rafa Fidalgo, Adrián González Carrero)  
ALFONSO MERINO MUSICIAN & FILMMAKER (Alfonso Merino)

**Inscrición:** entrada libre ata límite aforo

12.00-13.45H

**TI PODES EMPRENDER!**

**Organiza:** Escola de Enxeñería Forestal  
Campus a Xunqueira S/N, Aula 6

**Intervencións:**  
RESFOR C.B. (Xían Santos, Edgar Fernández)  
GEOMÉTRICA (Roberto Cabeceira)

**Inscrición:** entrada libre ata límite aforo

CREA PARA EMPRENDER e EMPRENDE PARA CREAR

Xornadas Previas ao Pont-up Store  
orientadas a Emprendedores  
potenciais e en fase inicial

TARDE

16.30-18.30H

**EMPRENDE! POR ONDE  
COMENZAR?**

**Organiza:** AJE Pontevedra  
Aula Formación Espacio  
Emprendedor C/ Herreros 28, 4ª  
planta

**Intervencións:**

Diana Fdez Soutullo Abogada de TIC  
Legal I Soutullo & Asociadas  
Renata Canevari - DIX Estudio Gráfico  
Natalia Castro Arcos, Responsable del  
departamento fiscal de GRUPO J. REY  
ASESORES

**Inscripcións e información:**  
Info@ajepontevedra.com

19.00-20.30H

**Coñecer as obrigas fiscais da  
miña empresa e non morrer no  
intento!!**

**Organiza:** Área de emprego e  
emprendemento (Universidade de  
Vigo) e DTEArea5 Consultores  
**Casa das Campás**  
Rúa Don Filiberto 9-11, Pontevedra


**Presenta e modera:** Angela Cal Arca  
(DTEArea5 Consultores), Profesora de  
Organización e Marketing da Uvigo

**Ponente:** D. Marcos Piñeiro Sanromán  
(Garrigues Abogados y Asesores  
Tributarios)

**Inscrición:** entrada libre ata límite  
aforo

**Recoméndase confirmación de  
asistencia en:**  
dtearea5@dtearea5.com





# MÉRCORES 23 MAÑÁ

10.00-14.00H

## XOGO DE CREACIÓN DE EMPRESAS #ASOLUCIÓNCOOPERATIVA

**Organiza:** Rede Eusumo –  
Subdirección Xeral de Traballo e  
Economía Social (Consellería de  
Traballo e Benestar)

**Casa das Campás**  
**Rúa Don Filiberto 9-11**

**Presenta:** Doña Alba Paz Boubeta,  
Subdirectora Xeral de Cooperativas da  
Consellería de Traballo e Benestar  
Impartición do programa a cargo do  
equipo docente da Rede Eusumo.

**Inscripcións e información:**  
info@eusumo.coop

12.00-13.45H

## TI PODES EMPRENDER!

**Organiza:** Facultade de CC da  
Educación e do Deporte  
**Campus a Xunqueira S/N, Salón de  
graos**

**Intervencións:**  
MUEVE TU VIDA (Carlos Leiros)  
COLEXIO POSSUMUS (Andrea  
Fernández Martínez)  
UCETAG (Teresa Balado)

**Inscripción:** entrada libre ata límite aforo

# TARDE

16.30-18.30H

## Presentación de GALICIA ECONOMÍA SOCIAL CREATIVA

**Organiza:** Cooperativas e Sociedades  
Laborais integrantes da Plataforma  
Galicia Economía Social Creativa

**Casa das Campás**  
**Rúa Don Filiberto 9-11**

**Presenta:** Marián Fernández, socia  
d'O Cable Inglés | Cooperativa Cultural.

### Intervencións:

Clara Rodríguez Cordeiro, Socia de  
7HCoop  
Tomi Legido, Sociedade laboral  
DezdeDez

**Inscripción:** entrada libre ata límite  
aforo

19.00-20.30H

## FINANZAS ÉTICAS


**Organiza:** Sinerxia  
**Casa das Campás**  
**Rúa Don Filiberto 9-11**

### Intervencións:

Coop57 (Ramón C. Rodríguez Padín)  
Coordinador GIT Galiza Sur Fiare  
Banca Ética (Manuel Adame Moldes)  
AIS O Peto, (Ricardo Paz Díaz)

**Inscripción:** entrada libre ata límite  
aforo





# XOVES 24 MAÑÁ

9.30 A 13.30 E DE 17.00 A 20.00H

**Emprendemento cooperativo no sector creativo: Experiencias no sector da Restauración e conservación do patrimonio**

**Organiza:** Sinerxia  
Edificio Administrativo da  
Deputación de Pontevedra.  
Paseo de Montero Ríos s/n.

**Inscripcións e información:**  
sinerxia@sinerxia.org

**Dirixido:** a calquera persoa interesada na temática, preferentemente alumnado de Belas Artes e Restauración e ciclos relacionados

12.00-13.45H

**TI PODES EMPRENDER!**

**Organiza:** Facultade de Belas Artes  
Facultade de Belas Artes, Aula 16  
Calle de la Maestranza, 2

**Intervencións:**  
ARTESA CIA (Roi Fernández)  
COSMOGONÍA (María Arias e Iris Blanco)

**Inscripción:** entrada libre ata límite aforo

## TARDE

16.30-18.00H

**TI PODES EMPRENDER!**

**Organiza:** Facultade de Fisioterapia  
Campus a Xunqueira S/N  
Salón de Actos

**Intervencións:**  
Centro de Fisioterapia San Lázaro S.L.  
(Ángel Gabieiro Quiroga)  
ON Fisioterapia (Hugo Ogando Pereira)

**Inscripción:** entrada libre ata límite aforo

19:00-20:30H

**EMPRENDEMENTO FEMENINO**

**Organiza:** Área de emprego e emprendemento e Área de Igualdade (Universidade de Vigo)

**Casa das Campás**  
Rúa Don Filiberto 9-11

**Presenta e modera:** Adela  
García-Pintos Escuder, Directora da  
Area de emprego e emprendemento

**Intervencións:**  
Luz Gómez de HORTA AGRELO  
Iria Viñas Suárez de ELEFANTES DE  
CACHARRERÍA  
Purificación Alfonso Presidenta de  
Sinergia e Ugacota, Socia e Ardora  
Formación y Servicios Soc. Coop.  
Galega  
Alicia Pérez de CONFOROCIO

**Inscripción:** entrada libre ata límite aforo



*xornadas do día 24*



# VENRES 25 MAÑÁ

11:00-14:15H

## APRENDE A TE FINANCIAR

**Organiza:** Cámara de Comercio de Pontevedra  
Cámara Comercio de Pontevedra,  
Calle Jardines de Vincenti, 4, 2º piso

### Intervencións:

Juan José Troyano, Consultor de Aprendeafinanciarte.com

### Inscripcións e información:

<http://www.camarapontevedra.com/>

11:30-12:30H

## ACTO DE INAUGURACIÓN

Zona Multiusos do Recinto do Pont Up Store, Praza de España

### Intervencións:

Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde de Pontevedra  
Salustiano Mato de la Iglesia, Reitor da Universidade de Vigo  
Representantes das entidades patrocinadoras do Pont Up Store 2015 (Consello Social da Uvigo, Deputación de Pontevedra, AJE Pontevedra, Igape, Abanca, Zona Franca de Vigo)  
Pedro Figueroa Dorrego, Director do Pont Up Store 2015

### A continuación:

#### PALABRAS DE BENVIDA

Luis Taboada Villamil  
CEO/Partner de QUBITIA SOLUTIONS SL

## VISITA AO RECINTO DO PONT UP

## TARDE

17:00-18:30H

## ALTERNATIVAS DE FINANCIACIÓN PARA START UPS (Mesa Redonda)

**Organiza:** Área de emprego e emprendemento (Universidade de Vigo) e DTEArea5 Consultores

**Casa das Campás**  
Rúa Don Filiberto 9-11

**Modera:** Angela Cal Arca (DTEArea5), Profesora de Organización e Marketing da Uvigo

### Participan:

D. David Carro Meana (Director General DCM Asesores). Mercado Alternativo Bursatil MAB como alternativa de financiación.  
D. Santiago López González (Responsable Económico Financiero UNIRISCO GALICIA S.C.R.). El Capital Riesgo.  
Dª. Lucia Vázquez Prado (Directora de desarrollo corporativo y proyectos europeos Centro Tecnológico de Investigación Multisectorial CETIM).

**Inscripción:** entrada libre ata límite de aforo. Recoméndase confirmación de asistencia en [dtearea5@dtearea5.com](mailto:dtearea5@dtearea5.com)

19:00-20:30H

## DIGITAL BUSINESS: DESPIERTA EL POTENCIAL DE TU NEGOCIO

**Organiza:** Área de emprego e emprendemento (Universidade de Vigo) e ROI Scroll

**Casa da Luz,**  
Praza da Verdura

**Presenta:** Ana Dopico Parada, Departamento de Organización e Marketing da Uvigo

### Intervencións:

Pablo Medraño, Director Social Media de ROI Scroll

**Inscripción:** entrada libre ata límite aforo

20:30

## FUCKUP NIGHTS

**Organiza:** Concello de Pontevedra - Casa da Luz

**Casa da Luz,**  
Praza da Verdura





*xornadas do día 25*



## 5. Unha identidade propia

A cooperativa cultural **O Cable Inglés** construíu unha imaxe e trazaron unha campaña que se desenvolveu en multitude de formatos para alcanzar un impacto o máis amplo posible. Estes foron os elementos de deseño impresos ou publicados que deseñaron e elaboraron:

Deseño e desenvolvemento da web (<http://pontupstore.com>), elaboración de cabeceiras e avatares para as redes sociais, banners promocionais, roller portátil, lona para o espazo do encontro, flyers, carpetas, programas, carteis, mupis, convites electrónicos, mailing e tattoos.


Así mesmo O Cable Inglés foi responsable da xestión das Redes Sociais e do Gabinete de Prensa do Pont Up Store 2015.

Dende que se fixo pública, a campaña do Pont-Up Store foi un éxito rotundo entre o seu público obxectivo e entre a cidadanía en xeral. O claim en forma de tattoo 'Levamos tatuado o noso soño', gravado na pel dunha moza conseguiu conectar cun sector do emprendemento conectado coas últimas tendencias e sempre ávido de novas formulacións. O perfil ao que se dirixiu foi o dun emprendedor, definido ou en potencia, cun proxecto consistente, cos pes na terra, consciente das dificultades de emprender, pero tamén coa suficiente enerxía e optimismo para soñar e crer a toda costa nas posibilidades da súa idea. Con isto na cabeza construíuse unha imaxe e trazouse unha campaña que se desenvolveu en multitude de formatos para alcanzar un impacto o máis amplo posible.

### ■ RELACIÓN DE MATERIAL GRÁFICO E PROMOCIONAL

- Cartelería xeral: **500** exemplares
- Carpetas promocionais: **500** exemplares
- Programas das Xornadas de emprendemento: **500** exemplares
- Programas do Espazo de emprendemento: **1.500** exemplares
- Carteis Mupis: **60** exemplares de **120x175cms**
- Lona promocional: **1** exemplar de **300x150cms**
- RollUp: **1** exemplar de 200x226cms
- Flyers: **200** exemplares
- Camisetas: **15** exemplares
- Tatoos temporais: **+5.000** exemplares (500 láminas con 10 tatoos por lámina e 10 láminas con 32 tatoos por lámina)

A empresa **GRUPO NORTE** encargouse do montaxe do Espazo de emprendemento dos días 25 e 26 de setembro e outros aspectos de apoio á organización.



PRAZA DE ESPAÑA, PONTEVEDRA  
SIMULACIÓN



<http://www.gruponortemca.es/>





## 6. A satisfacción dos participantes\*

NIVEL DE CUMPRIMENTO DOS  
OBXECTIVOS XERAIS DO PONT UP STORE

4,19

VALORACIÓN DA ORGANIZACIÓN DO EVENTO

4,12

VALORACIÓN XERAL DO PONT UP STORE 2015 EN FUNCIÓN  
DAS EXPECTATIVAS PREVIAS

4,08

VISUALIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS SEUS PROXECTOS

4,00

TEST DOS PRODUTOS/SERVIZOS ACTUAIS

3,81

RECOMENDARÍA A OUTROS EMPREENDEDORES A  
PARTICIPACIÓN NO PONT UP STORE 2016?

SI  
100%

\* Enquisa de satisfacción enviada aos 36 participantes do Pont Up Store 2015 con presenza na modalidade de stand (75% de taxa de resposta)







## 7. Unha Organización Emprendedora e Creativa


### COMITÉ ORGANIZADOR



○ PONT-UP STORE  
está dirixido e  
organizado por  
un equipo de  
traballo no que  
se integran:



Universidade de Vigo  
+  
Novos Emprendedores





## UNIVERSIDADE DE VIGO:



Desarrollo estratégico:  
organizaciones y territorios

**Pedro Figueroa Dorrego (Dirección), Director do Grupo de Investigación G4 Plus (Desenvolvemento estratéxico: organizacións e territorios) da Universidade de Vigo, G4 Plus** Doctor en Ciencias Empresariais, Profesor titular da área de organización de empresas da Universidade de Vigo, experto en xestión do coñecemento e capital intelectual (IMSEAD), Executive-MBA pola Escola de Negocios Caixavigo (actualmente Afundación). Director da Conferencia Ibérica de Emprendemento 2014 e creador e impulsor do Pont-Up Store.



**Adela García-Pintos Escuder, Directora de Área de Emprego e Emprendemento, Universidade de Vigo**

Profesora contratada doutora na área de organización de empresas. A súa liña de investigación céntrase fundamentalmente na xestión do coñecemento, a xestión de recursos humanos e a innovación. Isto levouna a participar en numerosos congresos nacionais e internacionais e publicou varios traballos de investigación. Actualmente é a Directora de Área de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo. Membro do Comité Organizador do Pont-Up store 2014.




**Ana Dopico Parada, Profesora Contratada Doctora na área de Comercialización e investigación de mercados, Universidade de Vigo**

Doutora en Administración e Dirección de Empresas. Postgrado en análise da xestión e innovación tecnolóxica na USC. Autora de libros, artigos e ponencias en revistas e congresos no ámbito do marketing. Nos últimos anos a súa liña de investigación está centrada no estudo da Responsabilidade Social Corporativa. Membro do Comité Organizador do Pont-Up Store 2014.



**Ángela Cal Arca, economista, xestora administrativa e consultora de empresa, socia-consultora en DTEAREA5 CONSULTORES.**

Profesora Asociada da Universidade de Vigo do Departamento de Organización de Empresas e Marketing. Especialización en asesoramento integral a empresas e emprendedores. Administración tributaria e fiscalidade. Finanzas Corporativas. Desenvolvemento Económico e Innovación.



Desarrollo estratégico:  
organizaciones y territorios

**Daniel Gallego Ortigueira (secretaría técnica), Técnico de Investigación, G4plus**

Investigador e xestor de proxectos para o sector público e organismos intermedios. Máster en Dirección Pública e Liderazgo Institucional. Graduado en Dirección e xestión Pública. Experiencia en diversos traballos sobre emprendemento e membro da secretaría técnica da primeira edición do Pont-Up no ano 2014.

## Novos emprendedores:

### PARTICIPANTES NA EDICIÓN ANTERIOR:



**Ana Barreiro Blanco, Socia fundadora, xunto con Marta Guirado e África Martínez de Taller Abierto – Gestión Cultural**

Taller Abierto deseña proxectos socioeducativos e accións culturais para:

- difundir a arte como ben común
- aproveitando o patrimonio como xerador de riqueza
- revitalizar a rúa desde a implicación colectiva
- promovendo o contacto social
- enlazar ao público con novos espazos culturais



**Susana Loroño Mondragón, Coordinación de proxectos, Dalleqdale S. Coop. Galega – Espazo Coworking**

Despois de desenvolver a miña carreira en diferentes sectores: Admon. Empresas, Bibliotecas Públicas e Médicas, así como Doc. Sanitaria, realicei por acaso un Obradoiro de "Xestión Cultural", onde xurde a idea do "Coworking" e xunto coas miñas compañeiras Yolanda e Raquel nace "Dalle que Dalle Soc. Coop. Galega en Vilagarcía para xestionar un lugar onde compartir ideas, cafés, proxectos e ilusións con emprendedores, autónomos e PEMES.



**Miguel Puerto Carrera, Presidente - Director de arte, Freshysweet**

"A miña nai sempre me di: 'traballar son moitos anos, así que busca algo que che guste', e iso intento. Pouco a pouco funme convertendo niso que chaman "workaholic", desenvolvendo os meus propios proxectos e emprendendo outros novos, principalmente nas áreas do deseño gráfico e o branding."



**Diego Parajó Naveira, Director xeral, XENEME Proxectos Sociais**

Emprendedor social. Traballando incansablemente para mellorar o mundo. Socio fundador e xerente de Xeneme Proxectos Sociais desde 1998, onde desenvolvo a miña actividade como formador, asesor e project manager en servizos sociais, educativos e culturais. Director do Local de Música de Pontevedra.

## Patrocinadores e colaboradores

ORGANIZA:

Universidade de Vigo



Síguenos en:



MÁIS INFORMACIÓN:

info@pontupstore.com

prensa@pontupstore.com

PATROCINADOR PRINCIPAL:



DESEÑA E COMUNICA:

o cable inglés


cooperativa cultural

PATROCINADORES:

Vicerreitoría do  
Campus de Pontevedra  
Universidade de Vigo



COLABORADORES:



Consulta na nosa web o programa de actividades que se desenvolveron no

Espazo de  
emprendemento